

## **Modificacións da P. D. da materia de TROMPETA**

---

Curso 2019/20

Seguindo o indicado no *R.D. 463/2020*, na *Orde EFP/365/2020* e nas *Instrucións do 27 de abril de 2020*, da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20*, nos *centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, o **CMUS Profesional de Santiago de Compostela** establece as seguintes modificacións na Programación Didáctica da materia de TROMPETA para o curso 2019-20:

- **MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Adáptase o grao de esixencia de cada un deles en función do indicado no apartado seguinte (mínimos esixibles).

- **MODIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES**

Cursos 1º e 2º do grao elemental:

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia serán os correspondentes ao 2º trimestre de cada curso.

Cursos 3º e 4º do grao elemental e todo o grao profesional:

Os mínimos esixibles para estes cursos serán aplicados ao segundo trimestre tal como se refire na temporalización dos contidos. Dita temporalización está reflexada na programación didáctica de trompeta no apartado de "recursos didácticos" en cada un dos cursos.

- **MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN**

Non sofren modificacións mais alá da adaptación e uso de novas ferramentas necesarias para o desenvolvemento dos procedementos de maneira non presencial. Neste sentido as ferramentas para a avaliación do terceiro trimestre serán as mesmas que as utilizadas neste

período docente co alumnado (correo electrónico, CentrosNet, videochamada e/ou aula virtual).

Non se terá en conta a participación e actitude en concertos e audicións planificadas para o terceiro trimestre debido á cancelación das mesmas.

- MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE

Este punto só será aplicable ao alumnado que non puido ser avaliado de xeito continuo no 1º e 2º trimestre do curso e que neste 3º trimestre segue a non ser posible a súa avaliación continua.

A proba indicada na programación didáctica realizarase preferentemente por videochamada. Na convocatoria de dita proba indicárase a ferramenta utilizada. As modificacións dos criterios de avaliación e dos mínimos esixibles indicados anteriormente tamén afectan a esta proba.